



<b>MEMORIA DA ALCALDÍA</b>
<b>ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2020</b>

Novamente constitúe para min un honor presentar ante o Pleno da Corporación do Excmo. Concello de Riveira o Proxecto do Orzamento Municipal para o exercicio 2020, por diferentes razóns, todas elas relevantes:

O conxunto da Humanidade vese inmersa nunha crise sanitaria cuxa transcendencia afectou directamente a economía de tódolos países e a millóns de persoas. Para paliar os efectos sociais, laborais e produtivos derivados do confinamento decretado o 14 de marzo de 2020 co estado de alarma, as Administracións Públicas e a sociedade civil deben promover cantas medidas sexan posibles dentro de un ámbito de consenso, coordinación e respecto institucional.

É un momento no que o conxunto da cidadanía reclama que o interese xeral se impoña ás diferenzas políticas. É preciso promover medidas que atendan ás necesidades de emerxencia e que potencien a actividade económica e comercial suspendida polo confinamento e a hibernación da produción de sectores non esenciais.

Baixo o principio da solidaridade e co obxectivo común de superar as consecuencias da maior crise dos derradeiros cen anos, o Concello de Ribeira, dende unha posición de unidade e consenso, propón a aprobación do Orzamento Xeral para o ano 2020, acompañado dun ambicioso Plan Marco de Medidas Reactiva Ribeira para o impulso económico e social da cidade no que están representados os axentes económicos e sociais máis representativos da cidade.

A presente Memoria, elaborada de acordo cos artigos 168.1.a) do RDL 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 18.1.a) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, pretende explicar o contido do Orzamento Municipal para o exercicio 2020 que se somete á consideración do Pleno da Corporación, así como as principais modificacións que presenta respecto ao do exercicio anterior.

<b>INTRODUCCIÓN</b>
---------------------

A elaboración do Orzamento Municipal constitúe un dos actos de goberno máis transcendentales do exercicio, e a través do cal se trata de presupostar de xeito prudente os ingresos que van permitir atender o gasto corrente necesario para garantir o funcionamento operativo dos servizos, destinando o excedente resultante ao investimento.



<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E400078B3300Y7S2R2O4I0W3 en la Sede Electrónica de la Entidad</p>	<p><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p>MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVIERA)-ALCALDE PRESIDENTE - 18/05/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/05/2020 11:40:35</p>	<p>EXPEDIENTE :: 2020APPG000001</p> <p>Fecha: 17/05/2020</p> <p>Hora: 00:00</p> <p>Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	--	---



Dada a situación de carácter excepcional que estamos a vivir, o Concello de Ribeira non pode quedarse atrás, e debe promover medidas excepcionais ante os danos producidos polo COVID-19.

*Polo tanto, atopámonos ante unha cuestión de oportunidade, xa que ao non ter aprobados os orzamentos do ano 2020, imos a dispor dunha maior flexibilidade que se traduce nunha reorientación dos orzamentos para mobilizar tódolos recursos dispoñibles en aras a axudar ao tecido comercial, pemes, hostalería e familias vulnerables para facer unha Ribeira máis forte e unida.*

O novo orzamento pode resumirse na seguinte **IDEA CENTRAL**:

*Reorientación total do gasto para paliar os danos producidos polo COVID-19, polo que á vista de como vaian sucedendo as circunstancias, existirá a posibilidade de adoptar as medidas orzamentarias que resulten necesarias, no seu caso.*

O Orzamento experimenta un incremento do 9,15 % en termos globais respecto do ano 2019, tendo en conta que neste ano non se vai concertar operación de endebedamento bancario para novos investimentos.

Destacar unha serie de accións incluídas na reorientación do gasto do orzamento municipal por mor do COVID-19 e que forman parte do ambicioso PLAN MARCO DE MEDIDAS REACTIVA RIBEIRA:

- a) As axudas a outorgar dende o departamento da área social (Servizos Sociais) para emerxencia social e familias vulnerables incrementáanse nun 197%, o que significa 90.000 euros a maiores da consignación do ano 2019.
- b) Créase un novo programa denominado “Gastos excepcionais COVID-19”, dotado inicialmente de 190.282,56 euros, para paliar danos producidos polo COVID-19, así como para dotar a toda poboación, aos establecementos comerciais e ao propio Concello de medidas preventivas. Tamén se atopa neste apartado o programa de axudas extraordinarias para os afectados polo COVID-19, cunha previsión económica de 95.000 €.
- c) Dótase crédito polo importe de 20.000 euros para o concurso AnimArte, para compras exclusivas no comercio local.
- d) Dótase crédito polo importe de 15.000 euros para o desenvolvemento do programa de actualización da hostalería, para a mellora da calidade e competitividade do sector hostaleiro local, mediante cursos de formación na Escola de Cociña de Ribeira.



<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E400078B3300Y7S2R2O4I0W3 en la Sede Electrónica de la Entidad</p>	<p align="center"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p>MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVIERA)-ALCALDE PRESIDENTE - 18/05/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/05/2020 11:40:35</p>	<p>EXPEDIENTE :: 2020APPG000001 Fecha: 17/05/2020 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	--



- e) Ampliación do programa do servizo de Orientación de Emprego Local, co impulso de accións de información, intermediación e orientación laboral en colaboración co tecido comercial e industrial do Concello de Ribeira.
- f) Ampliación do "Programa de mellora na formación e cualificación profesional", con accións formativas on-line destinadas a 300 persoas afectadas polo COVID-19 de maneira gratuíta. Incluirá unha oferta de máis de 60 cursos formativos certificados, nos sectores e especialidades do tecido comercial e industrial do Concello de Ribeira. Conta cunha previsión de gasto inicial de 5.000 euros.
- g) Programa de becas de formación a través dun convenio co FEUGA, cunha dotación inicial de 15.000 euros.
- h) Creación do servizo de atención as actividades económicas afectadas polo COVID-19.
- i) Incremento de 3.630 horas adicionais para o servizo de axuda no fogar como consecuencia do COVID-19. Estas horas sumaranse ás xa existentes que se cifran nun total de 63.500 horas, tal e como se reflexa no expediente de contratación do servizo de axuda no fogar e dependencia aprobado polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o 23 de agosto de 2019, así como as 8.210 horas desempeñadas polas empregadas municipais de axuda no fogar. Conta cunha previsión de gasto inicial de 910.627,71 euros.
- j) Declaración de urxencia de axudas de emerxencia social e de todos os gastos de índole social en xeral reducíndose os prazos de tramitación.
- k) Implantación inmediata dunha nova APP que aune todos os servizos municipais, toda a comunicación institucional, xestor de incidencias e xeolocalización do comercio e restauración local.

Debemos destacar e informar que o orzamento do ano 2020 mantén tódolos servizos, programas e accións xa iniciadas en anos anteriores.

O equipo de Goberno do Concello de Ribeira é consciente da situación excepcional actual, polo que a importancia do Orzamento Municipal xunto con outras fontes de financiamento como é o crédito extraordinario con cargo ao remanente de tesourería, son instrumentos adecuados e moi necesarios nun período crítico como é o actual por mor do COVID-19.

Por elo, considérase unha decisión transcendental a aprobación do Orzamento Municipal xunto co crédito extraordinario, o que nos proporcionará un ORZAMENTO CONSOLIDADO 2020 para poder afrontar un futuro esperanzador para toda a cidadanía de Ribeira.



<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E400078B3300Y7S2R2O4I0W3 en la Sede Electrónica de la Entidad</p>	<p align="center"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p>MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVIERA)-ALCALDE PRESIDENTE - 18/05/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/05/2020 11:40:35</p>	<p>EXPEDIENTE :: 2020APPG000001 Fecha: 17/05/2020 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	--



Partimos da estimación de ingresos mais realista posible coa información dispoñible a pesares de non contar a día de hoxe coa Lei de Orzamentos do Estado para o ano 2020 aprobada, recordando que a derradeira aprobada foi a do ano 2018.

Tomando en consideración as circunstancias descritas, e ante esta situación excepcional, adoptaranse as seguintes medidas excepcionais:

1. **Medidas Fiscais e Tributarias**, supoñen unha minoración nos ingresos municipais estimada en 152.000 euros.
2. **Medidas no Comercio Local**, cuantifícanse inicialmente cunha previsión económica de 360.000 euros.
3. **Medidas de Promoción do Emprego**, cuantifícanse inicialmente cunha previsión económica de 1.390.000 euros.
4. **Medidas de Promoción Económica**, cuantifícanse inicialmente cunha previsión económica de 795.000 euros.
5. **Medidas de Promoción Social**, cuantifícanse inicialmente cunha previsión económica de 1.040.627,71 euros.
6. **Medidas de Fomento da Obra Pública**, cuantifícanse inicialmente cunha previsión económica de 8.500.000 euros.
7. **Medidas de Innovación Tecnolóxica**, cuantifícanse inicialmente cunha previsión económica de 263.000 euros.
8. **Medidas Preventivas**, cuantifícanse inicialmente cunha previsión económica de 105.282,56 euros.

Todas estas medidas excepcionais forman parte dun ambicioso PLAN MARCO DE MEDIDAS REACTIVA RIBEIRA, financiado conxuntamente entre un crédito extraordinario con cargo ao remanente de tesourería e coa reorientación do Orzamento Xeral do ano 2020, as cales servirán de estímulo para paliar os danos producidos polo COVID-19.



<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E400078B3300Y7S2R2O4I0W3 en la Sede Electrónica de la Entidad</p>	<p align="center"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p>MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVIERA)-ALCALDE PRESIDENTE - 18/05/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/05/2020 11:40:35</p>	<p>EXPEDIENTE :: 2020APPG000001 Fecha: 17/05/2020 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	--



Así as cousas, tendo en conta as limitacións derivadas da normativa de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira que ten por obxectivo nacional superar os indicadores económicos adversos de débeda, déficit e desemprego, o Orzamento Municipal do Concello de Ribeira para o exercicio 2020, integrado unicamente polo do propio Concello, ascende a un total de 24.361.172,51 euros, situándose nun 9,15 % por encima do exercicio 2019. O importe global do orzamento para o exercicio 2020 representa, aproximadamente, 907,27 euros por habitante (considerando unha poboación próxima aos 26.851 habitantes)<sup>1</sup>

Unha vez cuberto o gasto corrente necesario para o mantemento e funcionamento dos distintos servizos municipais, e que debe financiarse con gasto corrente, destínase o exceso de ingresos correntes ao investimento, que alcanza neste exercicio a cifra de 4.002.898,05 euros (aproximadamente o 16,43% do total do orzamento), o que supón un importante incremento de preto do 37 % respecto do ano 2019 en termos homoxéneos, posto que no orzamento do ano 2020 non existe operación de endebedamento bancario. Deste xeito, e dende o punto de vista do gasto, as partidas principalmente dotadas son as destinadas a gasto corrente, gasto de persoal e investimentos.

A análise completa do Orzamento composto por 869 partidas orzamentarias pon de manifesto o seguinte:

#### A) Estado de Ingresos

A estimación dos ingresos municipais para o exercicio 2020 require dos seguintes comentarios:

- A variación que experimenta no seu conxunto o estado de ingresos respecto ao exercicio 2019, é dun incremento do 9,15 % en termos homoxéneos.
- Os recursos propios derivados dos impostos directos increméntanse nun 1,19 % respecto aos do ano 2019, xustificable en base ao estado de execución do exercicio anterior e o avance de execución do ano 2020, polas novas incorporacións de bens ao IBI. Débese ter en conta a importante rebaixa do IVTM e as bonificacións aprobadas, xa que dende o ano 2015 os ingresos acumulados derivados deste imposto diminuíron en máis de 330.000 euros, o que supón unha merma moi significativa.
- A previsión de ingresos polo ICIO mantense nos mesmos termos que no ano 2019 e dende o ano 2014, xustificable en base ao estado de execución do exercicio anterior e o avance de execución do ano 2020.
- A vista do estado de execución do ano 2020, a situación actual provocada polo COVID-19 e apelando novamente ao criterio de prudencia, as taxas e prezos públicos experimentarían unha minoración do -3,13 %, salvo que pola nova taxa

<sup>1</sup> Fonte: Padrón municipal a 01.01.20





de depuración, aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o 30 de xaneiro de 2020, o conxunto total do capítulo de taxas e prezos públicos increméntase un 9,15 %.

- e) Polo que respecta ao capítulo de transferencias correntes e de capital, e como xa ven sendo habitual neste Equipo de Goberno municipal, as subvencións consignadas xa están confirmadas ou se derivan de convenios prorrogables

O total do capítulo de transferencias correntes increméntase nun 1,97 % respecto ao exercicio 2019, ascendendo o total do capítulo a máis de 7,8 millóns de euros.

Mención aparte, merece a Participación dos Ingresos do Estado que estímase case a mesma consignación que no ano 2019 ao non dispor o Estado dos Orzamentos Xerais aprobados para o ano 2020, encontrándose a mesma a niveis do ano 2015. Recordar, que o Concello debe afrontar a devolución parcial das liquidacións da Participación nos Tributos do Estado nos exercicios 2008 e 2009 pola reiterada negación orzamentaria do impacto da crise económica na recadación previsible dos Tributos Estatais, minguando a capacidade de autofinanciamento dos investimentos. Sen embargo, grazas a decisión estatal adoptada ao respecto desta devolución pode efectuarse en 120 mensualidades a partires do 1 de xaneiro de 2012, no lugar das 60 mensualidades inicialmente establecidas. En definitiva, o Concello de Riveira ven afrontando e continuará a afrontar nos próximos anos as consecuencias negativas dunha inadecuada política orzamentaria do Goberno do Estado reiterada ano a ano dende o exercicio 2008 ata o final de dito mandato, que mesmo se pode trasladar a situación actual, posto que o Estado segue cos orzamentos prorrogados dende o ano 2018, provocando a non actualización dos ingresos pola Participación nos Ingresos do Estado.

Isto agrávase aínda máis, ao ser requirido novamente o Concello para a devolución parcial da liquidación definitiva da Participación nos Tributos do Estado derivada do exercicio 2017, cun saldo a favor do Estado de 179.681,61 €, dos cales 134.937,34 euros xa foron retidos do ingreso a conta que nos fixo o Estado o pasado mes de decembro, quedando polo tanto un saldo pendente de devolución de 44.744,27 €, que serán retidos nos próximos ingresos a conta que o Estado nos fará por este concepto.

É preciso lembrar, que a Participación nos Tributos do Estado é a principal fonte de ingresos do Concello, polo que a diminución que supoñen estas devolucións, ven afectar de xeito moi significativo á estrutura corrente do orzamento, e, como se verá, á capacidade de autofinanciamento de investimentos.

- f) O capítulo de ingresos patrimoniais contempla os ingresos previstos por xuros das contas bancarias que é titular o Concello, e tamén se consigna neste capítulo os ingresos previstos derivados da concesión da lonxa de Aguiño, e das distintas concesións que ten este Concello, ademais dos ingresos anuais derivados do aluguer da finca no Monte San Alberto (á empresa Gas Galicia SDG), o canon



<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E400078B3300Y7S2R2O4I0W3 en la Sede Electrónica de la Entidad</p>	<p><b>FIRMANTE - FECHA</b> MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVIERA)-ALCALDE PRESIDENTE - 18/05/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/05/2020 11:40:35</p>	<p>EXPEDIENTE :: 2020APPG000001 Fecha: 17/05/2020 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	--





polo contrato de máquinas expendedoras, o canon pola concesión do Matadoiro, o Parking e demais concesións existentes. Estímase un leve incremento no seu total do 0,09 %, ascendendo o capítulo a máis de 51.000 euros.

- g) O capítulo VI, alleamento de fincas, ascende a 1.058.383,04 euros, segundo o informe de taxación municipal que forma parte do expediente de alleamento de bens acordado polo Pleno da Corporación en relación co Matadoiro Municipal.
- h) O capítulo VII de transferencias de capital ascende a preto de 1,9 millóns de euros, o que supón unha minoración do -2,11 %. Ditos fondos están destinados ao financiamento dos distintos proxectos que figuran no anexo de investimentos.
- i) Por último, en relación ao capítulo 9 de ingresos, NON existe operación de endebedamento bancario por primeira vez en máis de 30 anos.  
Se contempla a consignación do Plan único de concellos da Deputación de A Coruña polo importe de 376.412,82 euros. Dita operación financiará os investimentos que se relacionan no Anexo de Investimentos do ano 2020.  
Tamén se contempla outra operación polo importe de 244.943,68 euros, neste caso ca Xunta de Galicia, a través do IGVS para adquisición do inmovible que vai albergar a nova biblioteca municipal.  
Ambas operacións son sen xuros.

## B) Estado de Gastos

A través desta proposta de gastos trátanse de alcanzar unha serie de obxectivos que redunden en beneficio da cidadanía, de xeito tal que a avaliación a posteriori da mesma permita non só analizar o nivel de execución orzamentario alcanzado, senón tamén, e o que é máis importante, o grado de consecución dos obxectivos formulados.

Por todo isto, as previsións contidas no Estado de Gastos deste proxecto de Orzamento Xeral para o exercicio 2020 baséanse nos criterios e obxectivos prioritarios que seguidamente se indican de forma resumida:

O **Capítulo I** (gastos de persoal), representa o 28,19 % do Orzamento Xeral e practicamente sitúase nos mesmos termos que no ano 2010, cun incremento sobre o ano 2019 do 2,79 %, no que se contempla unha consignación extraordinaria segundo se estipula nos seguintes apartados:

- Incremento salarial segundo o disposto na Lei de orzamentos xerais do Estado para 2018 (1,50% + 0,25%) e ao Real Decreto-lei 24/2018, de 21 de decembro (2,25% + 0,25%).
- Incremento salarial derivado do acordo do Pleno da Corporación na sesión celebrada o 29 de abril de 2019, sobre o sistema de aplicación progresivo/plurianual do impacto retributivo derivado da aprobación da primeira RPT (2009) do Concello de Ribeira, cifrado no 33% para o exercicio 2020.



### FIRMANTE - FECHA



- Incremento das consignacións orzamentarias derivadas dos acordos do Pleno da Corporación na sesión Organizativa do Mandato 2019-2023 en relación ás retribucións das dedicacións exclusivas e parciais, así como do persoal eventual.
- Incremento salarial (2%) segundo o disposto no Real Decreto-lei 2/2020, de 21 de xaneiro de 2020, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público.

Así mesmo, no orzamento do ano 2020 contéplase 48 prazas libres para a contratación do seguinte persoal temporal, que forman parte do PLAN DE EMPREGO LOCAL:

- 12 auxiliares de policía.
- 4 técnicos de turismo.
- 9 condutores e peóns brigada contra incendios.
- 23 socorristas e xefes de praia.

O **Capítulo II** (gasto corrente) representa aproximadamente o 47,14 % do Orzamento Xeral, sendo o que rexistra a maior consignación de todo o orzamento. Este capítulo vese afectado pola reorientación do orzamento 2020 por mor do COVID-19, polo que *á vista de como vaian sucedendo as circunstancias, existirá a posibilidade de adoptar as medidas orzamentarias que resulten necesarias, no seu caso.*

A través dos créditos consignados dentro deste capítulo trátase de atender os gastos necesarios de funcionamento da Entidade, de mantemento dos servizos e de garantir as obrigas derivadas dos contratos asumidos polo Concello. Así, as previsións contidas neste Estado de Gastos baséanse nos criterios e obxectivos prioritarios que a continuación se indican de forma resumida:

a) Como medida excepcional, este ano 2020, existe unha reorientación do orzamento de gastos para cubrir as máximas axudas as familias en situación de emerxencia ou vulnerables, así como outros casos derivados do COVID-19. Polo tanto, existen servizos cuxa consignación vai destinada a paliar os danos producidos por esta pandemia, resultando polo tanto un moi forte incremento de recursos na área social, os cales ascenden na súa totalidade a 2.053.772,86 euros,

Tamén dicir que existen servizos que sofren un aumento, por tratarse de servizos básicos para este Concello, como é atención a persoas dependentes, centro de información a muller, servizos sociais, policía, protección civil, educación, comercio, xuventude, deportes, museos, etc....

b) O resto de servizos e con carácter xeral, manteñen ou actualizan as consignacións do pasado ano 2019, así como dos anos 2018 e 2017, xa que os mesmos xa viñeron absorberdo a subida do IVE en pasados exercicios.

c) Debe destacarse neste Orzamento, o impacto dos custes de xestión das EDAR e os seus sistemas de bombeos que como consecuencia da demora do acordo do Pleno da Corporación, produce unha forte desnivelación na relación gasto/ingreso, afectando de maneira moi importante na estrutura do Orzamento 2020.







Así mesmo, se consignan os créditos necesarios para atender aqueles gastos derivados de contratos ineludibles para o Concello, algún dos cales experimentan para este exercicio un aumento como consecuencia dos acordos do Pleno da Corporación en canto a revisión de prezos ou actualizacións, como poden ser os importantes contratos de recollida de residuos e limpeza viaria, ou o contrato de auga e saneamento e os derivados do contrato da ESE en materia de alumado público, desglosados segundo as prestacións tal e como dispoñen os pregos de condicións de dita contratación, todos eles coas debidas consignacións orzamentarias derivadas dos acordos do Pleno da Corporación en canto a revisión de prezos ou actualizacións.

d) Indicar tamén que mantense a minoración da consignación para facer fronte aos custes do canon de SOGAMA, derivado da aplicación da bonificación do 10% no canon unitario de Sogama, o que supón uns -70.000 €, cantidade que será trasladada como rebaixa do 17% na taxa do lixo e aplicada aos recibos dos contribuíntes na cobranza do 4º trimestre do ano 2020,

En canto aos **Capítulos III e IX**, indicar que nel se recollen, respectivamente, as cantidades correspondentes ao pago de intereses e amortización da débeda viva do Concello, sendo un dato moi alentador da saúde financeira deste Concello o feito de que a suma de ambos capítulos apenas representen o 4,5 % do gasto total do Orzamento 2020.

No caso do capítulo III, dita diminución ascende a preto de 15.000 euros, o que supón un -30%, como consecuencia das cancelacións préstamos segundo os respectivos acordos do Pleno da Corporación e das modificacións das condicións dos distintos préstamos que ten asinados o Concello, sendo quen este Equipo de Goberno conseguir rebaixar tódolos tipos de interese ao minorar a banca o marxe establecido nos distintos contratos.

Dita redución é de significativa importancia por dous motivos, xa que nun primeiro lugar estamos a falar dun aforro de custes para o Concello superior aos 315.000 euros en intereses en 6 anos (2014 a 2020), e pola outra banda permite un aumento da capacidade para investir en mantementos de servizos e infraestruturas con cargo aos fondos propios nun importe de 315.000 euros en 6 anos (2014 a 2020), o que supón unha notable variación na estrutura orzamentaria.

Con respecto ao capítulo IX, experimenta unha importante minoración do -5,85 % respecto ao exercicio 2019, consecuencia das amortizacións e cancelacións de operacións de préstamo segundo os respectivos acordos do Pleno da Corporación. Tamén resulta facer mención a inclusión do Plan único de concellos (préstamo provincial 2020) da Deputación de A Coruña, posto que dos 376.412,82 € que nos corresponden,



<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E400078B3300Y7S2R2O4I0W3 en la Sede Electrónica de la Entidad</p>	<p><b>FIRMANTE - FECHA</b> MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVIERA)-ALCALDE PRESIDENTE - 18/05/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/05/2020 11:40:35</p>	<p>EXPEDIENTE :: 2020APP0000001 Fecha: 17/05/2020 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	--



108.201,42 euros vanse a destinar a amortización anticipada para reducir o endebedamento do Concello de Ribeira, cantidade resultante de aplicar ao préstamo provincial asignado a través do POS+ 2020, a porcentaxe do seu endebedamento nos termo establecidos no artigo 53 do RDL 2/2014, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLRFL.

Polo que se refire ás transferencias correntes, o **Capítulo IV**, este capítulo vese afectado pola reorientación do orzamento 2020 por mor do COVID-19, polo que *á vista de como vaian sucedendo as circunstancias, existirá a posibilidade de adoptar as medidas orzamentarias que resulten necesarias, no seu caso.*

Destacar dentro da reorientación do orzamento municipal por mor do COVID-19, as axudas a outorgar dende o departamento da área social (Servizos Sociais) para emerxencia social e familias vulnerables, así como as axudas extraordinarias para os afectados polo COVID-19, incrementáanse no seu conxunto un 206%, o que significan 185.000 euros a maiores da consignación do ano 2019.

Consígnase tamén dúas axudas polo importe de 10.000 euros para a compra masiva de alimentos e produtos de 1ª necesidade ao por maior, con destino ás familias afectadas polo COVID-19.

Mantense a priori, a consignación de 31.000 euros para a subvención da Festa da Dorna e 12.000 euros para a subvención da Festa do Percebe, mostra do apoio deste Concello as celebracións de ditas Festas, que no caso de non celebrarse, as respectivas consignacións estarían dispoñibles para incrementalas axudas as familias e demais afectados polo COVID-19.

Este ano as achegas aos clubs deportivos mantense a dotación inicial incrementada no ano 2018, ascendendo a mesma a 120.000 euros para o apoio aos clubs, grazas a aposta e contribución deste equipo de Goberno á promoción do deporte no Municipio.

En materia deportiva, tamén se consignan subvencións nominativas a favor do Club Náutico e do Club Lajareu por Barlovento, en aras ao fomento da escola de vela, do fomento da vela tradicional, respectivamente.

Tamén se inclúen dentro deste capítulo as achegas a realizar polo Concello á FEGAMP, FEMP, a Fundación Ruta Xacobeá, ao Padroado da Fundación contra o Narcotráfico, ao Grupo de Acción Costeira GAC Ría de Arousa, a Asociación de Desenrolo Local DELOA, a Mancomunidade de Arousa Norte e a Asociación Red INNPULSO.

A achega ordinaria a realizar á Mancomunidade de Municipios Arousa Norte sitúase este ano en 55.000 euros por cada Concello, dando cumprimento así ao acordo adoptado polo Pleno de dito Ente que fixa dita contía.

A achega a realizar ao Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular mantense en 12.000 euros, segundo comunicación do ente.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E400078B3300Y7S2R2O4I0W3 en la Sede Electrónica de la Entidad	<b>FIRMANTE - FECHA</b> MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVIERA)-ALCALDE PRESIDENTE - 18/05/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/05/2020 11:40:35	<b>EXPEDIENTE ::</b> 2020APPG000001 Fecha: 17/05/2020 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL
--	--	--



Mantéñense as 3 liñas diferenciadas de subvencións a entidades sen fin de lucro:

- liña asociacións de maiores, dirixida aos clubs de xubilados e pensionistas radicados no municipio, ca mesma consignación do ano 2019.
- liña de actividades extraescolares, dirixida aos colexios públicos e concertados e asociacións de pais radicadas no municipio, mantendo a mesma consignación que no 2019.
- liña subvencións culturais, dirixida as asociacións sen fin de lucro radicadas no municipio, ca mesma consignación do ano 2019.

Así mesmo, consígnase fondos para o financiamento de campañas conxuntas en materia de prevención con RENACER, coas asociacións de diversidade funcional AMBAR, AMICOS e A CREBA e coa asociación FAIBEN, en aras atención a infancia.

Destacar, a importante aposta pola utilización do transporte público urbano no municipio, en aras a redución do impacto na cidade do uso do automóbil privado, sendo ademais unha medida moi favorecedora para os usuarios, a través de 3 eixes:

- Plan de mobilidade de transporte urbano “Ribeira MOVE”, dotado cunha consignación de 45.000 euros, contía que será incrementada cos remanentes do ano 2019.
- Plan de mobilidade de transporte urbano “Ribeira MOVE escolar”, dotado cunha consignación de 16.000 euros, contía que será incrementada cos remanentes do ano 2019.
- Plan de mobilidade de transporte urbano escolar aos centros concertados, dotado cunha consignación de 5.000 euros, contía que será incrementada cos remanentes do ano 2019.
- Tamén se consignan 8.000 euros, contía que será incrementada cos remanentes do ano 2019, para as axudas ao transporte dos estudantes universitarios, así como aqueles que cursan estudos fora do municipio.

Tamén se reflicten neste capítulo as achegas aos grupos políticos do Pleno Municipal.

A distribución das subvencións levarase a cabo a través do oportuno procedemento público de concorrencia competitiva. Agora ben, tamén se consignan nominativamente dentro deste capítulo determinadas subvencións a outorgar directamente polo Concello, de acordo co detalle recollido na Base 52ª das de execución do orzamento.

No **capítulo VII** de transferencias de capital, existe consignación para a liquidación da obra “Remodelación do Campo de Fútbol de Carreira”, a cal figura nomeadamente no anexo de investimentos polo importe de 20.313,72 euros.

En referencia á **capítulo VI** de investimentos, o seu detalle recóllese no Anexo correspondente. Sinalar o importante incremento do 36,77 % (1.076.087,53 €) que se produce con



respecto ao ano 2019, e tendo en conta que non existes operación de endebedamento bancario para o financiamento de investimentos.

Este capítulo ascende a 4.002.898,05 euros dos que 532.168,70 euros son fondos propios, o que representa aproximadamente o 13,37 % do importe total dos investimentos.

O seu detalle recóllese no Anexo correspondente. Todos os investimentos previstos neste documento que están financiados con subvención, contan co compromiso firme correspondente de achega por parte do ente subvencionador, salvo no caso do convenio coa Consellería de Cultura para a construción do novo Auditorio, que está pendente de sinatura a data deste informe, aínda que este Equipo de Goberno ten constancia de que xa foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia.

O último aspecto a destacar deste Orzamento é o relativo ao financiamento dos investimentos. Así, dedícase o sobranche do ingreso corrente (unha vez financiado o gasto corrente e a amortización de préstamos) a financiar os gastos de investimento que van permitir acometer as obras públicas necesarias para a Comunidade, ao tempo que se manteñen outras partidas necesarias de investimento para os respectivos servizos. Así pois, o financiamento de todo este investimento lévase a cabo en maior medida co excedente de ingreso corrente, pola vía das transferencias de capital procedentes da Deputación Provincial e da Xunta de Galicia.

É preciso sinalar, que neste orzamento existe financiamento de investimentos afectados polo importe do alleamento de bens municipais, ascendendo a 1.058.383,04 euros, non sendo posible a súa utilización ata que se formalice o correspondente ingreso nas contas municipais.

Resaltar tamén como axente financiador dos investimentos,

1) O préstamo provincial 2020 a través do Plan único de concellos da Deputación de A Coruña, posto que dos 376.412,82 € que nos corresponden, 268.211,40 euros vanse a destinar ao financiamento de inversións cunhas óptimas condicións para o Concello:

- Sen xuros.
- Con dous anos de carencia.
- Cun prazo de devolución durante 10 anos a partires do ano 2022, nos meses de xuño e novembro.

2) O préstamo da Xunta de Galicia, a través do IGVS, polo importe de 244.943,68 euros, para adquisición do inmoible que vai albergar a nova Biblioteca Municipal, coas seguintes condicións:

- Sen xuros.
- Cun prazo de devolución de 8 anos no mes de agosto

Os concretos investimentos e o seu financiamento detállanse no Anexo de Investimentos do Orzamento.

### Bases de Execución do Orzamento

De acordo co previsto no Real Decreto 500/1990 e no RDL 2/2004, as Bases de Execución son o equivalente a un Regulamento de Orzamentos Xerais a nivel do Concello. Regúlanse as seguintes materias:



<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E400078B3300Y7S2R2O4I0W3 en la Sede Electrónica de la Entidad</p>	<p align="center"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p>MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVIERA)-ALCALDE PRESIDENTE - 18/05/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/05/2020 11:40:35</p>	<p>EXPEDIENTE :: 2020APPG000001 Fecha: 17/05/2020 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	--





- Niveles de vinculación xurídica dos créditos.
- Relación de créditos ampliados
- Regulación das transferencias de crédito.
- Tramitación dos expedientes de modificación de crédito e incorporación de remanentes de créditos.
- Normas reguladoras do procedemento de execución do Orzamento.
- Desconcentracións e delegacións en materia de autorizacións e disposicións de gastos.
- Documentos e requisitos que xustifiquen o recoñecemento das obrigacións.
- Acumulación de fases de execución do gasto.
- Pagos a xustificar e anticipos de caixa fixa.
- Regulación de gastos plurianuais.
- Fiscalización.
- Criterios de dudoso cobro a aplicar para calcular o remanente de tesourería.
- Normas que han de rexer a concesión de subvencións.

Basicamente, o contido das Bases de Execución mantense nos mesmos termos que no exercicio anterior, co fin de convertelas nun auténtico instrumento de execución do orzamento de acordo co esixido na normativa reguladora das facendas locais, de xeito tal que en relación ao seu contido interesa destacar o seguinte:

- a) Establécese unha referencia explícita para o caso de subvencións nominativas a conceder no exercicio, se fora o caso, non previstas inicialmente no Orzamento.
- b) Inclúese o listado de subvencións nominativas previstas no Orzamento inicial.
- c) Adaptación de determinadas normas o previsto na nova normativa contable de aplicación para a Administración Local.
- d) Establécese a competencia do Alcalde-Presidente ou da Xunta de Goberno Local para aprobar aquelas modificacións do anexo de investimentos que non leven aparelladas alteracións do importe máximo da operación de préstamo a concertar, se fora o caso, sempre e cando as alteracións afecten a partidas pertencentes ao mesmo nivel de vinculación xurídica. Todo isto co fin de axilizar a xestión destas modificacións.
- e) Establécese tamén unhas partidas específicas de transferencias correntes, a distribución das cales levarase a cabo por Decreto de Alcaldía, unha vez cumprido por parte dos seus beneficiarios os requisitos previstos para elo nas bases de execución.



<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E400078B3300Y7S2R2O4I0W3 en la Sede Electrónica de la Entidad</p>	<p align="center"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p>MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVIERA)-ALCALDE PRESIDENTE - 18/05/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/05/2020 11:40:35</p>	<p>EXPEDIENTE :: 2020APPG000001 Fecha: 17/05/2020 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	--





En virtude do exposto, permítome afirmar, motivada e fundamentadamente, que encontrámonos en presenza dun Orzamento excepcional caracterizado por 3 fundamentos:

- Sensible no social, orientado en axudar ás familias afectadas polo COVID-19.
- Protector no económico, orientado en protexer mediante axudas ao tecido económico e industrial de Ribeira, formado polo sector comercio, pemes e hostalería.
- Preventivo ante un futuro incerto, orientado en medidas preventivas ante o COVID-19.

Todas as accións descritas nesta Memoria, foron feitas compatibles cos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

## PROPOSTA

Preséntase así o Orzamento Xeral do exercicio 2020 para o Concello de Ribeira no que se recollen os recursos previsibles a través dos cales tratar de alcanzar os obxectivos formulados por este goberno municipal.

Por todo o exposto, propoño ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes Acordos:

1. Aprobar o Orzamento Xeral do Concello para 2020, composto polo Orzamento Municipal, por un importe nivelado en gastos e ingresos de 24.361.172,51 € euros segundo os detalles dos Estados de Ingresos e Gastos que se acompañan.
2. Aprobar as Bases de Execución do Orzamento Xeral para 2020 que se achegan.
3. Aprobar o cadro de persoal que se inclúe como Anexo no Expediente do Orzamento Xeral.
4. Declarar o postos de traballo que se relacionan no cadro de persoal temporal como esenciais e prioritarios para levar a cabo a contratación laboral temporal.
5. Aprobar o gasto anual e plurianual dos proxectos que constan no anexo de investimentos do orzamento para o 2020, así como o compromiso de habilitar crédito adecuado e suficiente no vindeiro exercicio orzamentario 2021.

**En Ribeira, a data da sinatura dixital.**

**O ALCALDE**

**Manuel Ruiz Rivas.**



<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E400078B3300Y7S2R2O4I0W3 en la Sede Electrónica de la Entidad</p>	<p><b>FIRMANTE - FECHA</b> MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVIERA)-ALCALDE PRESIDENTE - 18/05/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/05/2020 11:40:35</p>	<p>EXPEDIENTE :: 2020APPG000001 Fecha: 17/05/2020 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	--

